

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN  
ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 15 DE DECEMBRO DE 2014.**

**Presidente:**

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

**Concelleiros:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO.

D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**


D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- LICENZAS DE OBRAS.**

**1.1.-** Acordouse **CONCEDER** licenza de obra para acondicionamento de local para uso de café-bar en Muimenta, 38, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 251,17 euros.

**2.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER** licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar illada, sita no lugar de Cerredo, nº14, da parroquia de Catasós, de Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal por importe de 300 euros en



Secretaría Xeral

concepto de taxa por expedición de licenza de primeira ocupación.

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.**

**3.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para o exercicio da actividade consistente en taller de mantemento, reparación e compravenda de vehículos**, na nave sita no polígono Industrial Lalín 2.000, rúa D, parcela C-15 nave 3, Lalín.

### **4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL SUE-4: APROBACIÓN INICIAL.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

### **5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**


**5.1.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“ACTIVIDADES DIRIXIDAS CON FONDO MUSICAL PARA O LALIN ARENA” (CSE142014)**, mediante procedemento negociado, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 23 euros por hora (IVE incluído) e un prazo máximo dun ano.

**5.2.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“ACTIVIDADES DIRIXIDAS RELACIONADAS COAS ARTES MARCIAIS PARA O LALÍN ARENA” (CSE162014)**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 23 euros por hora (IVE incluído) e un prazo máximo dun ano.

### **6.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.**

**6.1.-** Acordouse **aprobar a certificación ordinaria de obra núm. 1** correspondente ao mes de decembro de 2014, da obra **“PRESERVACIÓN DOS HÁBITATS OU ECOSISTEMAS NATURAIS MEDIANTE A IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DE SEBES E PRESERVACIÓN DE CULTIVOS NA REDE NATURA” do Concello de Lalín**, presentada pola entidade **XARDIN DEZA, S.L.**, redactada polo Director da Obra, Francisco Guerra García, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de





Lalín muncero

Secretaría Xeral  
**5.761,90 €.**



Concello de **Lalín**

## **7.- EXPEDIENTES DE RECLAMACIÓN.**

**7.1.-** Acordouse estimar a reclamación aceptando de plano a renuncia á licenza de obra concedida por acordo da Xunta de Goberno local en sesión do 29 de xaneiro de 2009 para a construción de estábulo para gando vacún e fosa de purín, no lugar de Palmaz, parroquia de Goiás-Lalín, e proceder á devolución de 2.697,97 € abonados en concepto de liquidación provisional do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

## **8.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

**8.1.-** Acordouse proceder á **devolución da fianza** depositada na Tesourería Municipal polo importe de **8.000 euros**, como garantía para responder da obra de construción dun edificio situado na rúa Caracas núm. 7 e 9 e Praza de Galicia, núm. 7 e 8, de Lalín.

## **9.- FACTURAS E CONTAS.**


**9.1.-** Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, **acordouse** aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **218.007,16 €**.

## **10.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**10.1.-** Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía **número 05/2014**.

**10.2.-** Acordouse a prórroga de diversos contratos do persoal laboral temporal necesario para a xestión das actividades do complexo deportivo multiusos Lalín-Arena ata o 31 de decembro do 2015, e aceptar a renuncia á prórroga do contrato dunhainstrutora de actividades deportivas.

**10.3.-** Acordouse ceder en uso a **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., na súa modalidade de servidume de uso persoal, a superficie de 24,20 m/2 aproximadamente**, co obxecto de facer operativo o Centro de Transformación e Distribución de Enerxía



Secretaría Xeral

Eléctrica próximo ao Pazo de Liñares, así como para as conducións de entrada e saída. Do mesmo xeito o **Concello autoriza a constitución da servidume de paso para os accesos e rexistros do Centro de Transformación e as súas arquetas**, para que UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., ou os seus sucesores legais, podan efectuar, mediante os seus operarios, cantas tarefas de conservación, mantemento, reparación, mellora e explotación das ditas instalacións fosen precisas para o correcto subministro de enerxía eléctrica, e facultar ó Concelleiro Delegado de Urbanismo para a sinatura e para a realización de cantos trámites fosen precisos co obxecto de levar a bo fin o acordo que se adopte.

**10.4.-** Acordouse a concesión dunha axuda **de ata 1.000,00 €** por empresa a cada unha das solicitudes admitidas, segundo as solicitudes presentadas ao abeiro das *Bases reguladoras do programa de axudas municipais para a creación de empresas do Concello de Lalín* (BOP nº 156 de 14/08/2014), e desestimar as solicitudes que se indican no acordo porlas causas que se recollen no mesmo.

**10.5.-** Acordouse realizar varias baixas e altas no SAF para persoas en situación de dependencia.

**10.6.-** Acordouse a INCLUSIÓN no Servizo de Préstamo de Camas Articuladas, dunha beneficiaria.


## **11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**11.1.-** Dáse conta á Xunta de Goberno Local da **baixa** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE, para o vado permanente con nº de placa 192, ubicado na Avenida de Buenos Aires, nº 133, baixo

**11.2.-** Dáse conta á Xunta de Goberno Local do **cambio de titularidade** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE en relación ao vado permanente con placa nº 147, ubicado no baixo do nº 32 da rúa Ramon Aller, por falecemento do anterior titular.

**11.3.-** Dáse conta á Xunta de Goberno Local da **baixa** na TAXA POR ENTRADAS





Lalínmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE, con efectos para o ano 2015, para os vados permanentes sitos na Rúa C, nº 20 e 50.

**11.4.-** Dáse conta á Xunta de Goberno Local do **cambio de titularidade** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE en relación ao vado permanente ubicado no baixo do nº 10 da Rúa dos Tilos, por falecemento do anterior titular.

=====

